

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PORTOS DE GALICIA**

ACORDO do 18 de maio de 2020 polo que se somete a información pública a solicitude de modificación substancial, por ampliación de prazo extraordinario, da concesión outorgada ao Club Náutico de Sada para a construción e a explotación de instalacións para a navegación recreativa no porto de Sada.

Logo de solicitude do Club Náutico de Sada, a presidenta de Portos de Galicia acordou o día 21 de abril de 2020 iniciar o trámite de modificación, por ampliación de prazo extraordinario, da concesión outorgada ao Club Náutico de Sada para construír e explotar instalacións para a navegación recreativa no porto de Sada.

Para poder xustificar a ampliación de prazo extraordinario segundo o disposto na disposición transitoria 2ª da Lei 6/2017, o concesionario propón realizar unha serie de investimentos, que ascenden a un total de 146.071,78 € (IVE excluído), desagregando este investimento en catro actuacións, definidas na documentación técnica achegada coa solicitude.

En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, faise público, para que as persoas e as entidades interesadas poidan examinar o expediente e presentar por escrito as alegacións que consideren oportunas na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/portada>, usando o procedemento xenérico PR0004, ou nun rexistro habilitado para o efecto, no prazo de vinte (20) días hábiles, contados a partir do seguinte ao de publicación do presente anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2020

Susana Lenguas Gil
Presidenta de Portos de Galicia

